

Proposta para a conservación do cabalo ceibe da Groba, un patrimonio etnográfico en perigo de extinción

SOS GROBA

O cabalo galego do monte está en perigo de extinción. Son varios os motivos polos que se está a perder ese patrimonio natural e etnográfico secular. Por nomear algún:

- A desaparición do monte polo efecto da man do home (lume, urbanización con pistas, accesos doados para os vehículos, etc)
- Repoboación do monte con especies arbóreas invasivas que estragan o pasto.
- Perda de habitantes e despoboación do rural.
- Perda de utilidade e valor comercial (xa non se domean para traballar o campo nin se utilizan como animal de tiro, non se utiliza a súa crina nin ten grande valor comercial a súa carne).

Pódese dicir que é un animal que ata hai pouco tiña un grande valor engadido e que agora, con novos usos e valores da terra e o monte, é case máis unha carga que un “patrimonio”. Porque, é cabalo ceibe do monte pero estaba aí para ser usado cando fose preciso, e cada quen sabía cales eran os seus e levaban o seu ferro no coiro. Asemade cumprían unha función de equilibrar o mato, facendo de controladores do mesmo, estercando e limpando as herbas e outras especies non utilizadas por outro tipo de gando.

Considerando o valor que lle pode quedar hoxe ao cabalo do monte, decatámonos de que está nun grande perigo de desaparición a medio prazo (cada vez os prazos fanse máis curtos pola grande aceleración do despoboamento do rural e a perda dos usos tradicionais). Se a todo isto lle engadimos a propia perda de valor comercial, só lle queda o de **animal “salvaxe” en perigo de extinción**. Pois ben, esa cremos é a consideración que a partir de agora mesmo hai que darlle para que a súa desaparición non se materialice en pouco tempo. Como tal, nós propomos a súa conservación cunha figura de protección que hai que crear ou copiar doutros animais que se atopan na mesma situación. Isto é urxente, pois estase a dar xa outro perigo que é o da mestizaxe e cruce con animais doutras razas, que aínda conservan certo valor, e que o converterían nun animal domeado, case na súa totalidade, e sen as características de gran valor etnográfico que tivo e aínda ten o cabalo do monte, o cabalo que vive e se cría ceibe.

A NOSA PROPOSTA PARA O CABALO CEIBE DA SERRA DA GROBA É:

- Censar por parroquias e/ou comunidades o número de exemplares existentes: número de cabezas, sexo e idade.
- Anotar o grao de pureza de sangue dos cabalos existentes e depurar aqueles que non se adaptan ao patrón de Pura Raza Galega.
- Censar o número e procedencia dos propietarios.
- Rexistrar os cabalos que entran en cada curro e repartir pola serra a súa poboación segundo patróns de equilibrio (pasto, arboredo, mato, especies competitivas ou que conviven, etc.)
- Establecer criterios de pervivencia por hectárea para animais domésticos e propor programas de uso do monte para as comunidades (reparto de especies arbóreas, pasto, regadío e outros usos do monte compatibles).
- Protexer a serra da Groba como unha entidade cuns valores a conservar que necesitan dun plan de ordenación e usos claro con dereitos e deberes. O monte ten que seguir sendo dos comuneiros pero estes tamén teñen uns deberes que cumprir, posto que a serra é patrimonio de todos, independentemente de quen sexan os titulares dunha parte ou doutra. Se está aí é por que a herdamos e os que veñan detrás tamén teñen dereito a herdar un patrimonio en mellores condicións das que ten hoxe en día. Hoxe non se pode ver o monte só como un espazo para facer negocios ou sacar rendibilidade económica: a rendibilidade social e natural ten que ter máis peso que a económica, que tamén ten o seu.
- Crear a Manda Ceibe do Cabalo do Monte. Isto é: unha especie de banco de animais apadriñados ou de propiedade compartida por aqueles individuos, sociedades e entidades sen ánimo de lucro que desexan que o cabalo do monte da serra da Groba non desapareza e se siga a criar ceibo como sempre se criou, facendo que a tradición dos curros se manteña, non se contamine e conserve os seus valores tradicionais característicos.
- Organizar a Recua pro Cabalo Ceibe. A saber: socios, colaboradores e doantes que coas súas achegas económicas manteñan e ceiben- se fose oportuno- cada ano un número x de animais, co fin último de que verdadeiramente sexan ceibes e só leven, como garante da súa liberdade, un sinal na súa anca da pata esquerda, que ben podería ser un debuxo dun petróglifo dunha espiral cortada, semellando o C de cabalo, o C de ceibe e o G de galego ou de Groba. Como as tres letras superpostas nunha soa. Na súa anca dereita, un número identificativo.

PROPOMOS

Solicitar das Consellerías do Medio Rural e Medio Ambiente acorden crear a figura de Cabalo Ceibe da Groba, como animal en perigo de extinción cun programa de protección específico no que, entre outras consideracións, deberían existir as seguintes cláusulas:

- Os cabalos que pasten na Serra da Groba acolleranse ao rexistro único do CCG, no libro da asociación de propietarios, individuais ou colectivos, que



Cabalos diante do Costado (Serra da Groba).

están obrigados a ter compulsadas as súas marcas ou ferros ante esa entidade e as Consellerías.

- Ningún cabalo que se afaste do patrón tradicional de Pura Raza Galega pode acollerse ou rexistrarse en dito libro nin considerarse beneficiario das axudas ou protección que se expresa.
- Todos os exemplares rexistrados estarán asegurados polas Consellerías, ou o organismo que estas decidan, que se fará cargo do importe de dito seguro e do regulamento e control do libro do censo de exemplares e propietarios, as altas e baixas nos mesmos, e os motivos das mesmas (morte –carne, accidente ou natural– traslado, venda, purga, etc.)
- Unha autoridade veterinaria da inspección da Consellería, farase cargo periodicamente do control veterinario, cando menos nos curros de primavera e de verán, e certificará os rexistros que a asociación controlará, segundo se fixo tradicionalmente.
- Ao ser unha especie en perigo de extinción e sen apenas valor comercial, estará exenta de pagos ou impostos. Cando, se as circunstancias mudasen, se dean posibilidades de comercio ou beneficio, devengarase dese beneficio unha parte, a considerar, para investir na mellora e protección da Raza e o mantemento da Asociación CCG.
- A especulación e o comercio lucrativo serán alleos a esta Asociación e figura, que como se indicou, persigue a persistencia do Cabalo Ceibe da Groba, os curros e o patrimonio etnográfico que del se deriva.
- Como sempre sucedeu, permítese o comercio entre propietarios ou alleos, sempre que este repercuta na pervivencia da especie e a tradición, e non supoña abuso, estafa ou engano para os fins da asociación..

- As autoridades veterinarias, xunto co consello de goberno e a asemblea de propietarios poden e deben acordar o número máximo de cabezas por hectárea ou zona xeográfica, atendendo ás circunstancias que se dean, para unha mellor calidade de vida dos animais e o propio regulamento ecolóxico da serra da Groba.
- As consellerías deberán elaborar, de acordo cos comuneiros e asociacións e particulares gandeiros, un plan de desenvolvemento ecolóxico e natural para a serra da Groba, co fin de que esta poida manter un equilibrio na produción tradicional e ningún interese lícito se vexa vulnerado ou violado. Prevalecerá sempre o interese xeral e ecolóxico, sen o cal calquera dos outros non será viable.

Se desaparecen os nosos cabalos da serra da Groba con eles tamén se irán as tradicionais festas dos Curros e todo o patrimonio que vai xunguido a elas. As pedras do Curro de Mougás, O Curro da Valga, O Curro de Torroña e o Curro de San Cibrán, na serra da Groba, e os de Morgadáns e O Galiñeiro na serra do mesmo nome, pasarán a ser en pouco tempo cotos de silveiras e toxo nos que a historia deixou pegadas e o home só desleixo e abandono. O día que o noso Cabalo Ceibe non se vexa como tal no monte, seremos máis pobres. Xa non servirán para nada os laios nin os proxectos. Aínda estamos a tempo de botar unha man e axudar a que esa inmensa riqueza non se perda. A nosa xa a teñen, pero necesitamos moitas máis.